

## RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA OS PARTICIPANTES

1. **Deberán ter especial coidado coas súas pasaxes de avión mentres estean no seu poder, e cos seus pasaportes e documentación persoal**, da que sería conveniente que trouxeran tamén unha fotocopia. Sempre terán a posibilidade de deixar a súa documentación e o diñeiro que non necesiten utilizar, baixo o coidado do equipo directivo do campamento.
2. Con respecto ao diñeiro *de peto (bolsillo)* que poidan traer os mozos, lémbrese que durante a súa estadía nas distintas instalacións non necesitan realizar gastos, polo que só deberán traer UNHA PEQUENA CANTIDADE, axustada á súa idade, para os gastos menores de carácter persoal e extras que poidan producirse durante a súa estadía.
3. Durante os 12 días que dura o programa, **non poderán abandonar as actividades para facer visitas aos seus familiares en Galicia**. Terán, se é o caso, a posibilidade de visitalos cando remate o programa.
4. Debido á realización das actividades e as saídas programadas, as horas máis axeitadas para a recepción de chamadas urxentes serán das 21:00 ás 23:00 horas (horario de España).